

22/2019. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2019.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as nove horas e trinta e catro minutos do día catorce de outubro do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria urxente e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. María del Pilar Díaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Juan Domingo de Deus Fonticoba. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

E tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia, sométese a votación o carácter urxente da convocatoria, e o Pleno do Concello, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 4 abstencións (4 PP), acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.

DELIBERACIÓN

Sra. Alcaldesa: O primeiro punto da orde do día sería a... a ratificación, se procede, do carácter urxente da convocatoria, tal e como se procedeu a argumentar na Comisión Especial de Contas celebrada o xoves, o carácter urxente da convocatoria vén dado pola necesidade de enviar a Conta Xeral antes do día 15 de outubro. Palabras en torno a isto?, Miguel...

Sr. Mahía Prados: Si, bos días sra. Alcaldesa, srs. Concelleiros, Veciños. Nós no tema da urxencia ímonos abster tal e como manifestamos na propia Comisión Especial de Contas, porque se ben é certo que se trata de un asunto urxente, tamén se trata dun asunto urxente a aprobación dos acordos de non dispoñibilidade de crédito que figura na... no informe de intervención desta mesma Conta Xeral, e así mesmo tamén e... cremos que tamén é urxente dotar o Plan Económico Financeiro que non ten o Concello, polo tanto, por ese motivo ímonos a abster.

Sra. Alcaldesa: Si non hai máis intervencións, sometémolo a votación entón: votos a favor do carácter urxente da convocatoria... abstencións. Pasaríamos ao segundo punto da orde.... da orde do día.

2.-CONTA XERAL DO EXERCICIO 2018: RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS/RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN, NO SEU CASO.

Tras deliberación, sométese a votación a resolución de alegacións/reclamacións á Conta Xeral do Exercicio 2018 e a súa aprobación, no seu caso, e o Concello Pleno, tendo en conta os informes de intervención de datas 07.08.2019, e do 09.10.2019 sobre as alegacións/reclamacións, así como os ditames da Comisión Especial de Contas do 30.08.2019 e 10.10.2019, por oito votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 4 votos en contra (4 PP), acorda:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por D. José M. Mahía Prados como concelleiro do Grupo Popular no Concello de Mugardos, á Conta Xeral do concello do exercicio 2018, polos motivos que cita no informe de intervención municipal, arriba citado, e que se dan aquí por reproducidos.

Segundo.- Aprobar, en consecuencia, a Conta Xeral do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio 2018, integrada polas contas anuais, a memoria e a documentación complementaria, o resultado da cal é o seguinte:

| | |
|--|-------------------|
| 1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | 6.706.218,52 |
| 2.OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS | 6.720.699,87 |
| 3.RESULTADO ORZAMENTARIA DO EXERCICIO (1-2) | -14.481,35 |
| 4.CREDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (+) | 857.609,24 |
| 5. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO (suman) | 511.736,22 |
| 6. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN POSITIVAS DO EXERCICIO (restan) | 512.881,93 |
| 7. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3+4+5-6) | 841.982,18 |

Como consecuencia do resultado presupostario o remanente líquido de tesourería queda establecido como segue:

| | | |
|--|--------------|---------------------|
| FONDOS LÍQUIDOS | | 2.797.507,68 |
| DEREITOS PENDENTES DE COBRO | | 1.902.348,95 |
| + De orzamento corrente | 452.766,58 | |
| + De orzamentos pechados | 1.339.108,06 | |
| + De operacións non orzamentarias | 110.474,31 | |
| - OBRIGAS PENDENTES DE PAGO | | 1.020.951,72 |
| + De orzamento corrente | 378.926,02 | |
| + De orzamentos pechados | 362.815,22 | |
| + De operacións non orzamentarias | 279.210,48 | |
| PARTIDAS PENDENTES DE APLICACION | | -367.268,23 |
| -Cobros realizados pdtes. de aplicación definitiva | 406.373,58 | |
| +Pagos realizados pdtes. de aplicación definitiva | 39.105,35 | |
| = REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL | | 3.311.636,68 |
| - SALDOS DE DUDOSO COBRO | | 1.078.530,21 |

| | | |
|---|--|--------------|
| - EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA | | 135.677,35 |
| = REMANENTE DE TESOURERÍA, PAGA GASTOS XERAIS | | 2.097.429,12 |

DELIBERACIÓNS

Sra. Alcaldesa: O segundo punto da orde do día é a Conta Xeral do exercicio do 2018: Resolucións de Alegacións/Reclamacións e Aprobación, no seu caso, e como xa dixen anterior, vén ditaminado da Comisión Especial de Contas celebrada o xoves, día 10 de outubro, e.... pasamos ao primeiro turno de intervencións.
Gemi..

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, bo día a todos e a todas, e... bueno o BNG vai a facilitar a aprobación de esta Conta Xeral, fundamentalmente para que poida ser remitida aos órganos fiscalizadores externos e para cumprir así un dos requisitos fundamentais para que o Concello poida optar a.... os fondos que lle poidan corresponder de outras administracións, polo demais entendemos que o que vamos a votar hoxe aquí non é máis que un documento puramente técnico, e a súa aprobación non supón para nada estar de acordo co contido da mesma, senón que se aproba para facilitar que esta poida ser remitida aos órganos fiscalizadores externos como son o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, que son os que en definitiva teñen que avalar a... as contas do noso Concello, pero isto tampouco quere dicir que vaíamos avalar a xestión económica que fixo o Goberno, senón que pola contra creo que debemos criticalas, máis que nada porque esa xestión e... dou como resultado que non fose..., fóramos capaces de acadar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e que romperamos o teito de gasto, teito de gasto que por certo nós non estamos de acordo, pero tamén é certo que para que isto sucederá e... colaborou activamente o Partido Popular cando aprobou ou axudou a aprobar modificacións de crédito por valor de máis de 800.000 €. a sabendas de que isto ía supoñer a rotura do teito de gasto e a non consecución da estabilidade orzamentaria, e... eu creo que o que fai a Conta Xeral é analizar en profundidade os resultados de... das contas do noso Concello no ano 2018, achegando os correspondentes informes e os correspondentes reparos, e polo tanto como dixen, teñen que ser os órganos fiscalizadores externos: o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas os que continúen ca labor fiscalizadora do departamento de Intervención.

Sra. Alcaldesa: Miguel..

Sr. Mahía Prados: Si, antes de comezar coa miña intervención referente as palabras que acaba de dicir o voceiro do BNG, en primeiro lugar hai que coñecer un pouco como funciona a Administración, e aquí o que se vén a votar é a Conta Xeral e que ese voto en contra non habilita nada, porque se pode remitir co voto desfavorable, punto nº 1, punto nº 2: vostede di que o Partido Popular rebentou o teito de gasto cando.... apoiando as modificacións orzamentarias da.... da sra. Díaz de 800.000 €, quero recordarlle que na pasada Comisión de Facenda viñeron dez modificacións de crédito ca propia Alcaldesa fixo por ordeno e mando na súa firma..

Sra. Alcaldesa: Miguel, perdón, senón sae distorsionado

Sr. Mahía Prados: Vale, vale... perdón, perdón, fixo por ordeno e mando da súa firma, que pode facelo, ten esa competencia para facelo, e ningún grupo de aquí a votou, e foron 1.800.000 €. Non estamos en contra das modificacións orzamentarias, estamos en contra de facer mal as xestións despois de facer esas modificacións orzamentarias, nós no goberno fixemos modificacións orzamentarias e tiñamos un PEF en vigor, e cumprimos con toda a normativa de contratación e normativa de... de estabilidade orzamentaria, non está ligado e... o que acaba de dicir vostede con cumprir ou non cumprir. Referente xa, entrando en materia da propia e... Conta Xeral que vén aquí, o expediente vén a ditaminar por... por este Pleno, bueno ditaminado da Comisión e aprobación de este Pleno, compono a Acta de Arqueo, as Contas Anuais, a Memoria, Providencia, Informe de Intervención e os reparos que emitiu Intervención Municipal e... referente a este exercicio 2018. Cabe destacar, quero que conste así tamén en acta, que durante todos os plenos que levamos de Corporación e... solicito que se traian a dar conta e... os informes... os reparos de Intervención, segundo o artigo 218 da Lei Reguladora de Facendas Locais, que non se está a cumprir, tal e como solicitamos por escrito o 22 de xullo de 2019, así mesmo neste primeiro turno quero falar acerca da propia liquidación que vén no... no expediente do ano 2018, en dita liquidación como ben dixo tamén o voceiro do BNG rómpese o teito de gasto por importe de 607.000 €, como consecuencia de esta rotura do teito de gasto ten que haber un Plan Económico Financeiro e uns acordos de non dispoñibilidade de crédito que é o que fixen mención cando foi a votación anterior, e isto que quere dicir, o Plan Económico Financeiro é un documento que se fai cando se rompe o teito de gasto, ese documento o que establece é a senda e a, imos dicilo así, a actuación que ten que seguir o goberno para cumprir coa estabilidade orzamentaria e coas leis que nos veñen dadas desde Madrid, desde o Ministerio de Facenda, así mesmo dentro dese Plan Económico Financeiro tiñan que aprobarse os acordos de non dispoñibilidade de crédito, ditos acordos quere dicir que non hai fondos en diversas partidas, e que polo tanto non hai crédito dispoñible para facer determinadas inversións. Os... os AND, perdón, os AND bloquearian un total de 623.000 €, tal e como di a propia interventora no seu informe, e non se fixeron, a conxelación de estas, bueno como todo se... xa o explicamos nas comisións, a conxelación destas partidas non afecta de... de igual forma, sen lugar a dub... sen lugar a dúbidas pola nosa parte nós cremos que o capítulo máis afectado dos orzamentos sería o capítulo II de gasto corrente, e dentro del, como é obvio, hai determinados programas que son intocables, porque a propia Lei regula... regula istos mecanismos, entón cales serían os... na nosa opinión os máis prexudicados, os programas 3.3.4 e 3.3.8, que se refiren aos gastos culturais e a xestión das festas, ben referente a isto, nós o 28 de agosto solicitamos un informe segundo establece o Real Decreto 128/2018 do 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con carácter de habilitación nacional no seu artigo 4, apartado 1º, parágrafo letra B, disposición quinta, na que se indica que a función interventora levará a cabo os... a emisión de informes, ditamines, propostas en materia económico financeira orzamentaria que foran solicitadas pola presidencia ou un terzo dos concelleiros, nós solicitamos este informe o día 28 de agosto, e solicitamos un informe no que se esclarecera por un lado os gastos do Capítulo II das partidas 3.3.4 e 3.3.8, referente aos gastos imputados, un informe similar ao que pediu o PSOE, ICM e o BNG na lexislatura pasada, e ademais que se aclare no dito informe os ingresos que se fixo e... das realizacións

das festas, como foi a taxa do Polvo, o canon ofertado para que houbera barra na carpa e ocupación dos postos de... de bueno, dos postos das festas, e... a taxa a pagar. Deste informe non se ten coñecemento, e de feito repetímolo o día 8 deste mes. Se vostede, sra. Alcaldesa houbera cumprido coa Lei, houbera realizado os acordos de non dispoñibilidade, pois posiblemente e... hai varias festas que non se poderían haber feito, porque vostede ten coñecemento da situación contable deste Concello de forma oficial cando a interventora entrega a liquidación en abril, e non se nos trouxo a... tanto a liquidación como a Conta Xeral ata despois, ocultando esta información a oposición porque había unhas eleccións no medio, entón, referente a isto tamén lle quero comunicar e vostede sábeo, quero que conste en acta, que o día 6 de xuño referente aos acordos de non dispoñibilidade de crédito e o Plan Económico Financeiro, a Xunta remitiulle unha carta, e nesa carta dicíalle que iniciara os trámites, eu non sei se a día de hoxe os iniciou ou non os iniciou, eu penso que non os iniciou, porque para vostede isto non é... non é algo prioritario, a consecuencia de non ter estes acordos e... e o Plan Económico Financeiro, como dixen anteriormente, é pois o que estamos a ver agora, os informes que está facendo a Interventora, as modificacións de crédito que todas van cunha apostila que di que non se pode garantir a... por cumprida nin se pode facer as cousas ben porque non existen estes documentos, entón isto soamente referido á parte da liquidación, o que di a liquidación, na segunda parte que di o propio informe de Intervención, nese informe da propia Interventora e... pon de manifesto varias cousas, entre elas analizando por un lado os ingresos e gastos nos encontramos que vostede no 2018 non recadou nin o 70% do presuposto e apenas chegou o 68,81, o que se traduce en que non recadou máis de 3.000.000 de euros que lle correspondería facer, fronte a isto vostede pode argumentar dúas cousas: que ten unha política tributaria de pouca presión fiscal, algo que é falso, xa que presentamos e seguiremos presentando baixadas orzam.... e... impositivas e de taxas pa que vostede non, nin levara a debater a comisión, ou que a taxa de recadación é habitual, algo que tamén é mentira, porque cando gobernamos nós, no 2015, a taxa real de recadación do orzamento era do 95%, son datos contrastables na páxina web de... do Tribunal de Contas. Referente aos gastos, díxeno fai ben pouco, vostede rebentou a estabilidade orzamentaria por máis de 607.000 €, e volvo a recalcar o que dixen anteriormente, as modificacións de crédito que rompen a estabilidade orzamentaria dun concello non son as que se aproban no Pleno, son as que se fan por detrás, que o di, e... é todo legal e está permitido, porque vostede ten a competencia para facelo, pero son esas as que superan case 1.800.000 €. como pasou na pasada comisión, as que rebentan a estabilidade orzamentaria, e... nós cales cremos que é o.... o motivo destes incumprimentos, pois o abuso do modelo do contrato menor, que é o que di tamén a Interventora no seu informe, no informe da Interventora, na súa páxina 20, punto 5 de información de reparos de intervención destaca que a Intervención Municipal realizou 42 reparos, dos cales 6 foron con carácter suspensivo, e 5 de eses 6 corresponden a recoñecementos extraxudiciais de crédito, quero recordarlle que o día 4 de este mes recibiu unha comunicación do Consello de Contas sobre os recoñecementos extraxudiciais que se están facendo neste Concello, xa nos informará na comisión pertinente como se... como vai ese tema, e... a propia....porque a propia Interventora na súa páxina 24 establece que os REC son medidas excepcionais que a Lei contempla como tal, e que o Concello de Mugardos, vostede estaos empregando máis como un mecanismo máis para cubrir a insuficiencia de crédito existente. Estes son, dio o informe técnico, nós dixémolo sempre, nós non valoramos os informes técnicos, son o que son, din o que din, son funcionarios habilitados con carácter

nacional. Dos 36 reparos non suspensivos restantes, 30 correspóndese coa aprobación de facturas, servizos e subministracións, pois como recolle a propia Intervención Municipal ratifícase, e isto é importante, no informe da.... que fixo da Conta Xeral de 2017, sobre a vulneración da Lei de Contratación de Servizos e Subministracións, e pon de manifesto que esta situación non se corrixiu, vostede agora mete unha apostila nas resolucións da alcaldía que é moi curiosa, e di que claro, solicita que se saquen a contratación os servizos de non sei que, subministracións de non sei canto, claro pero; é vostede consciente de que non dota aos técnicos de medios suficientes para poder facer esa... esa contratación? Porque é algo que tamén pon a Interventora de relevo no seu informe, que non se lle está dotando a Intervención, así como a Secretaría si, a Intervención non se lle está dotando dos medios suficientes para facer a labor que lle corresponde de labor fiscalizadora deste Concello. Así mesmo tal e como dixen na Comisión de.... Especial de Contas, agora a día de hoxe temos... un factor máis e... para ir concluindo, porque a 1ª intervención son 10 minutos e xa van 9, temos un, un factor máis que é o Partido Socialista, hoxe o Partido Socialista, o 1º Tenente de Alcalde con firma delegada de Servizos e Sumin... perdón, con firma delegada e.... de Persoal e Servizos, creo recordar, mediante a Resolución da Alcaldía 873/2019, pode firmar facturas por contía inferior a 3.000 €, co I.V.A. excluído, e na pasada Comisión de... de Facenda explicóusenos que se estaba facendo contratación para e... vestiario, que é un dos servizos que aparece reparados por parte de Intervención na información da Conta Xeral e que sigue así abusando do modelo de contrato menor en lugar de se facer un concurso que é o que procede coa Lei de Contratos da Administración Pública, nós obviamente, por todos e coñecido que vamos a votar en contra desta Conta Xeral, pero tamén de todos é coñecido que isto é... o que se está facendo neste Concello co, a nivel administrativo e a xestión económica dos recursos que temos, está dei.. está deixando moito que desexar.

Sra. Alcaldesa: Grazas, abrimos un segundo turno, e... Gemi.

Sr. Varela Filgueiras: Si bueno no, eu simplemente referente ao que comentou o voceiro do Partido Popular no Pleno de hoxe e é que a.... a súa nova aprobación da Conta Xeral que non impide a súa revisión, pero o certo e que o Ministerio de Economía e Facenda recolle na súa Orde EHA4041/2004 do 23 de novembro, que a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a súa fiscalización polos órganos de control externos, que non require como dixen antes a conformidade coas actuacións reflectidas nela, e eu non sei moi ben, porque non coñezo a lexislación, non sei moi ben se a lexislación contempla esta casuística, casuística dá... dá nunha aprobación e cales son os pasos que hai que seguir en caso de que non saíra aprobada, o que si sei e que o Concello de Coristanco no ano 2015 perdeu todas as subvencións que lle correspondían da Deputación e da Xunta de Galicia por non presentar as súas contas a tempo, e... tamén é certo que neste caso existía un informe negativo de Secretaría en canto ao procedemento que se empregou, cousa que neste caso non ocorre.

Sra. Alcaldesa: E... Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, referente ao que acaba de dicir o voceiro do BNG, é certo o que acaba vostede de dicir, pero a Lei modificouse precisamente por eses casos, polo tanto pódese remitir co voto negativo. E... neste segundo turno vou falar acerca da alegación que

presentamos e de algunha cousiña máis. A alegación que presentamos e... dicía entre outras cousas, bueno aparte de que non se respectaban os días de.... de tram... que aparecen no propio Real Decreto Lexislativo /2004, e.... referente á tramitación da Conta Xeral, nos artigos 212.1, 212.2 e 212.4, e nós xa votamos tamén a favor das alegacións e entendíamos que estaba.... que ten a razón a Intervención e... bueno nunca falamos en contra dun informe técnico e non o imos a facer agora, pero si é certo que pon algo de manifesto referente a outra alegación que a nós sorpréndenos non, bueno en realidade non nos sorprende tanto porque non se fixo nada, que é o referente a amortización, non só nos orzamentos senón na Conta Xeral é necesario amortizar e este Concello non o fai, esta foi a nosa alegación, a consecuencia que saíu desta alegación é que a propia Intervención no seu apartado terceiro da alegación, segundo... segundo a reclamación presentada relativo ao recoñecemento da amortización establécese que... bueno mellor que establécese.... remítese, e vou ler.... ler textualmente este parágrafo: “Polo tanto para poder realizar as amortizacións oportunas segundo do tipo de ben necesitaríamos datos actualizados da valoración inicial de cada ben, que permitiría un correcto rexistro na contabilidade, así como determinar cal é o importe da amortización acumulada actual de modo individualizado para cada ben”, este tema xa foi analizado de xeito pormenorizado nos informes de auditoría dos exercicios 2013 e 2014 realizados pola empresa Fair Value Auditores realizados con data 31.05.2016 e no informe emitido por esta Intervención ao respecto, co día 3 de agosto de 2016, o cal ela se remite, e nesa remisión ela di que: No informe de auditoría detectouse que non se acreditan as bases de cálculo de amortización de elementos integrantes de inmovilizado material, e dicir, que ao non haber unha base non se pode facer o cálculo para amortizar, porque non figura correctamente o... no inventario o valor que teñen os bens, ademais como ben di a Interventora é necesario e urxente que se inicien os trámites para solicitar asistencia a Deputación Provincial ou contratar directamente unha empresa especializada nesta materia para a actualización do inventario de... de bens, ademais existe unha moción aprobada polo Concello Pleno do día 30 de setembro de 2016, fai 3 anos, de instar ao goberno municipal iniciar os traballos de actualización e regularización do inventario de bens municipal para dar cumprimento ao establecido no informe de Intervención Municipal da data do 3 de agosto de 2016, relativo a auditoría do Concello, e dicir, tiveron 3 anos, vostede como Alcaldesa tivo 3 anos para regularizar o tema de patrimonio municipal e non o fixo. Vén, e o que vén dicir este informe de Intervención a esta alegación. Ademais disto, e de todo o exposto aquí que hai enriba da mesa, ademais dicir que non ten os plans de.... non ten o Plan Económico Financeiro, ademais dicir que non ten os acordos de non dispoñibilidade, ademais dicir que se saltou o teito de gasto en máis de 603.000 €, ademais dicir que incumpre toda a normativa de contratación de servizos e contratos menores que iso xa non o digo eu, que xa sabe por onde van os tiros, vostede Sra. Díaz, teño por aquí apuntado ten.... unha serie de problemas administrativos gordos, porque isto non se pode seguir así, vostede non pode seguir levando o Concello vulnerando toda a normativa de contratación, non pode, estallo dicindo a Interventora e estallo dicindo todos os estamentos superiores os cales acudimos. Coa conta do 2018 aínda non acudimos a ningún, fomos ca de 2017 e no informe de Intervención de 2018 é bastante peor que 2017, está vostede reiterándose nos erros que ha cometido, que cometeu perdón, entón o que hoxe imos votar aquí non é cuestión de perder subvencións ou non perder subvencións, nós é obvio que non queremos perder subvencións para Mugardos, o sea ter que aclarar iso nun... nun Pleno en onde todos estamos aquí para mellorar a vida dos

nosos veciños, pois clama un pouco o ceo, pero hai que face... creo que temos que facelo, nós non queremos perder subvencións, queremos que as cousas se fagan ben, e díxeno na Comisión e vou ler textualmente un parágrafo, que foi o que cumprimos a raxatabla, e que nós vamos a facer a mesma oposición seria e proporcional ao dano que vostede lle cause a este Concello, si vostede comete unha serie de irregularidades contra a Administración, nós iremos a onde corresponda, xo fixemos e déronnos a razón, e seguiremos indo, e igual a estamentos superiores, polo tanto prégo lle, é un rogo que lle fago nesta.... nesta intervención, que respecte a normativa de contratación, que saque a concurso realmente, que dote de medios a Intervención Municipal, e que remate dunha vez por todas con ese círculo virtuoso de ilegalidade que lle comentei en Comisión. Nada máis. Grazas.

Sra. Alcaldesa: Bueno antes de.... de rematar e sometelo a votación, bueno supoño que non quere dicir ilegalidade non?

Sr. Mahía Prados: Ilegalidade administrativa, desculpe.

Sra. Alcaldesa: Vale pois aclarado isto e... bueno, xa anuncio que o primeiro que vamos a traer é unha modificación de crédito correspondente ao Servizo de Axuda a Domicilio, que como todo o mundo sabe, xa viñera na Corporación anterior, que foi rexeitado e que iso e o que imposibilita que o prego que está elaborado desde fai máis dun ano poida ter un informe favorable, e polo tanto poida saír a contratación, espero que todos podamos votar favorablemente esa modificación de crédito e que polo tanto Intervención poida facer o informe favorable para que se poda dar a contratación conforme á Lei. Traerémolo en breve, o prego xa está feito desde máis de un ano, non se vai a modificar, e polo tanto así podemos ir arranxando algunhas das cuestións que temos encima da mesa. Dito isto, recollo o guante do Partido Popular para poder mellorar en estas cuestións, e polo tanto nas contratacións, e espero que iso se poida plasmar tamén nas votacións plenarias, que facilite que os contratos poidan saír adiante e polo tanto se poida normalizar. Bueno dito isto sometémolo a votación, e... votos a favor, en contra.

Sra. Alcaldesa: Se levanta o Pleno. Grazas.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as nove horas e cincuenta e oito minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace
A ALCALDESA,